

NOTA DE PRENSA

NOVAMENTE A CONSELLERÍA DE EDUCACION PERDE A OPORTUNIDADE DE POÑER O MEDIO AMBIENTE COMO OBXECTIVO EDUCATIVO NA ESO E NO BACHARELATO.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2023.

O pasado mes de abril a Consellería de Educación abriu o prazo de presentación de suxerencias para ampliar as materias optativas de Secundaria e Bacharelato. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA), unha vez consultada a súa Comisión de Educación, presentou propostas a ambas etapas educativas. Para 4º curso de ESO se propuxo unha materia denominada “*Desenvolvemento sostible*” e para 2º curso do Bacharelato, fixéronse dous propostas: unha denominada “*Patrimonio Natural Galego*” e outra denominada “*Steam: Laboratorio*”.

Con estas propostas pretendíase abordar aspectos emerxentes recollidos nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), mellorar o coñecemento do noso patrimonio natural e fomentar as materias STEM dende o punto de vista práctico.

Xa no 2022 o COBGA cando o Conselleiro de Educación e Universidade, Román Rodríguez presentou a modificación da estrutura e dos contidos curriculares autonómicos (Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato), fixemos público un documento no cal se analizaba a distribución por horas nos cursos de ESO e bacharelato das materias de ciencias. O documento baixo o título “**As ciencias perden, perdemos todos**” <https://www.biologosdegalicia.org/pdf/Analise-da-proposta-feita-pola-administracion.pdf> debullaba a perda de horas da bioloxía e das ciencias en xeral, así como a dilución de contidos relacionados co medio ambiente noutras materias, perdíase unha oportunidade para recuperar horas de ciencias na ensinanza obrigatoria e postobrigatoria, e isto supoñía o incumprimento dos obxectivos educativos no relativo ao contido ambiental.

Despois do actual período de presentación de suxerencias a Xunta anunciou o reforzo dos currículos da ESO e bacharelato con tres novas materias optativas enfocadas á mellora das competencias financeiras e tecnolóxicas. Onte mesmo o Conselleiro anunciou ás dúas optativas que se ofertarán no curso 2023-24, Intelixencia artificial e tecnoloxías intelixentes. Perde deste xeito de novo a Consellería de Educación e Universidade a oportunidade de recuperar e reforzar as materias relacionadas co medio ambiente, de recuperar horas e contidos de ciencias, e condena ao alumnado a non ser capaz de analizar, con pensamento crítico, todas as noticias de actualidade relacionadas coa o cambio climático, sanidade ambiental, pandemias, seca, etc. e por suposto perden a capacidade de conservar o noso patrimonio natural.

Esta situación é especialmente grave debido a que, dentro dos obxectivos marcados pola propia Consellería de Educación e Universidade para a finalización das etapas de ESO e Bacharelato, figuran como transversais algúns relacionados directamente co medio ambiente, co respecto e conservación do medio natural (sobre todo o mais próximo ao alumnado) e a adquisición dun espírito crítico á hora de analizar a realidade socio cultural das alumnas e alumnos.

Dende o COBGA consideramos esta situación moi grave, especialmente nun momento no que a sociedade está moi preocupada polo fácil acceso do alumnado de Secundaria a fontes de información de moi dudoso rigor científico e en moitos casos, procedentes directamente da pseudociencia e outras disciplinas non científicas.

Máis información: Colexio Oficial de Biólogos de Galicia . Pablo Fernandes (682546054)